

BOLETÍN DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DE BURELA

INSCRICIÓN
NAS ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE
DO C.I.M.
CURSO 2009-2010

OUTUBRO 2009

Contido:

- *Inscrición nas actividades de Tempo Libre para o Curso 2009-2010* ¹
- *Axuda municipal para familias con nenos entre 0 e 16 anos* ²
- *Gripe A?* ³

**CURSOS TEMPO LIBRE 2009-2010
PARA MULLERES**
Centro de Información ás Mulleres



BORDADO **BOLILLOS**
MANUALIDADES **BAILES DE SALÓN**

Para facer os cursos é necesario estar empadroada/o en Burela

ORGANIZA:
Concello de Burela
Centro de Información ás Mulleres

COLABORAN:
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Igualdade



CIM DE
BURELA:
once anos
na procura
da
igualdade!

Dende o día 28 de setembro e ata o día 5 de outubro de 2009 (ambos os dous incluídos), as mulleres censadas no Concello de Burela poderán inscribirse nos cursos de tempo libre do mencionado Centro para a tempada 2009/2010.

AXUDA MUNICIPAL PARA FAMILIAS CON NENOS/AS DE 0 A 16 ANOS EMPADROADOS EN BURELA

As Concellalías de Benestar Social e de Comercio do Concello de Burela estableceron unha liña de axudas para as familias da nosa vila que teñan os seus fillos e fillas, de idades entre 0 e 16 anos, censados en Burela.



A finalidade desta liñas de axudas é facer o menos custoso posible para as familias a incorporación dos/as nenos/as ás clases neste novo curso escolar e primar que as compras derivadas disto se realicen en comercios de Burela.



Por tanto, por realizar compras de material escolar, material deportivo, roupa e calzado nos comercios de Burela, durante o período que abrangue dende o día 10 de setembro ata o 20 de outubro de 2009, a cada familia que presente no Concello (acompañada da correspondente solicitude) unha/s factura/s por cada fillo/a superior a 40 euros (unha soa factura por cada fillo/a neste período) o Concello de Burela reembolsaralle 40 euros.



Ata o 30 de outubro estará aberto o prazo para a presentación destas solicitudes no Rexistro do Concello.

GRYPE A ?

Que é a gripe A (H1N1)?

É unha gripe producida por unha nova variedade de virus fronte á cal, precisamente por ser nova, non estamos inmunizados e hai moitas persoas que poden correr o risco de contraela.



Como se conta- xia?

Como en toda gripe, o contaxio prodúcese fundamentalmente de forma directa de persoa a persoa ao tusir ou estornudar. Tamén se pode transmitir indirectamente ao tocar obxectos contaminados.



Como se pode previr?

Ademais das recomendacións hixiénicas xerais de lavarse as mans a miúdo e tapar a boca e o nariz ao esbirrar, a vacinación é a principal medida de prevención contra a gripe.

Quen debe vacu- narse?

- Traballadores/ras de centros sanitarios e similares.
- Traballadores de forzas e corpos de seguridade.
- Persoas con enfermidades crónicas a partir dos seis meses de idade.
- Mulleres embarazadas



Centro de
Información ás Mulleres
do Concello de Burela

Casa do Concello, Eijo Garay, 20.
27880 Burela (Lugo)
Teléfono/fax: 982 58 06 09
Correo: cim@burela.org

CIM DE BURELA:
*doce anos na
procura da
igualdade!*



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade